

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

### C E R T I F I C A :

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o 23 de novembro de 2018, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.d. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

**Asunto: *Apertura electrónica da documentación presentada nos Sobres “A” polas empresas que participan na contratación, mediante procedemento aberto, da Subministración de artigos de droguería, aseo persoal e limpeza e produtos de lavado industrial para o centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra” (Expte. 2018034050)***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que o procedemento aberto convocado para a adxudicación da “*Subministración de artigos de droguería, aseo persoal e limpeza e produtos de lavado industrial para o centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra*” apareceu licitado a través dun anuncio que se publicou no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra e na Plataforma de Contratación do Sector Público con data 06 de novembro de 2018, así mesmo na mesma data, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Presidente e o Secretario da Mesa de contratación acceden á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondentes á documentación administrativa presentada polas empresas que concorren ao procedemento aberto convocado para levar a cabo a “*Subministración de artigos de droguería, aseo persoal e limpeza e produtos de lavado industrial para o centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra*”.



A Mesa de Contratación acorda:

Admitir ás seguintes empresas que presentaron a súa oferta dentro do prazo establecido:

<b>EMPRESA</b>	<b>LOTE AO QUE OPTA</b>
Darlim, S.L.U. (B-36.612.562)	1, 2, 3
Diversey España, S.L. (B-28247849)	3

E para que conste, estende a presente, en Pontevedra, a vinte e tres de novembro de dous mil dezaioito.

